



RETO 1

A CONTORNA DO TEU CENTRO E O COLEXIO


Cada ano hai menos nenas e nenos na nosa contorna, polo que pensamos que sería unha boa idea empregar a nosa radio escolar para transmitirle á xente de todas partes de Galicia que veña vivir aquí e se matricule no noso cole.



Vos ides ser os responsables de que a nosa proposta teña éxito, polo que teredes que transmitir as bondades e as marabillas que hai no noso concello e tamén no noso colexio, que non son poucas.



Deberedes elaborar un **guión de programa de radio** seguindo a escaleta que propoñemos a continuación:

 Sintonía da radio ou do programa
Introducción do noso programa: un presentador/a danos a benvida e introduce aos participantes do programa
O noso concello: deberedes explicar a localización do concello e información básica sobre número de habitantes e poboación, así como o patrimonio natural (zonas naturais importantes).
Patrimonio artístico e cultural do concello: teredes que falar dos edificios máis importantes, axenda cultural e zonas que se deben visitar cando se chega ao concello.
Festas e gastronomía: falaredes das festas típicas e máis coñecidas da zona, así como as comidas ou bebidas habituais.
O noso cole: falaredes dos servizos e actividades destacadas cos que conta o noso cole.
Despedida: o mesmo presentador/a despide o programa lembrando en que lugar de Internet pode ser escoitado
Sintonía da radio ou do programa 


Lembrade poñer música entre cada unha das partes do programa

RETO 2



Os BOOKCLUBERS


Din que á xente nova cada vez lle interesan máis os videoxogos e menos ler contos e libros, pero dende as bibliotecas escolares sabemos que eso non é verdade.

Vos ides ser os responsables de transmitirlle ao mundo a verdade sobre o xenial que son as nosas bibliotecas, e todos os contos e libros que hai aquí dentro. Convertirédesvos en *influencers*, recomendando aos vosos compañeiros e compañeiras, libros que xa líchedes e vos gustaron. Para iso teredes que preparar entrevistas por parellas nas que faledes dun libro que teñades lido.



Deberedes chegar a un acordo para poñerlle un nome a este programa de entrevistas, e un lema. A continuación faredes o **guión do programa** partindo da seguinte escaleta:

 Sintonía da radio ou do programa
Introducción do noso programa: o presentador/a ou entrevistador/a danos a benvida e presenta ao convidado/a do programa
Entrevista sobre o libro: o entrevistador fai as preguntas ao invitado
Despedida: o mesmo presentador/a despide o programa lembrando en que lugar de Internet pode ser escoitado
Sintonía da radio ou do programa 



RETO 3

O CONTO DRAMATIZADO


A lectura de contos pola radio é unha das cousas máis divertidas que hai de escoitar, sen embargo non é doado, xa que non podemos ver as ilustracións que acompañan o conto, así que para que quede realmente ben, deberemos buscar unha música e efectos especiais axeitados.

Deberedes repartirvos as partes do conto ou as personaxes que aparecen nel e faredes un **guión** coa parte que vos toca ler a cada un/ha.



Despois debedes buscar unha música axeitada e os efectos sonoros que poidan encaixar coas distintas partes do conto. Poderedes buscar esta música e os efectos na librería de youtube

<https://www.youtube.com/audiolibrary/music> ou no banco do Ministerio de Cultura

<http://recursostic.educacion.es/bancoimagenes/web/> ou ben en <http://soundbible.com>



Deberedes chegar a un acordo para poñerlle un nome a este programa de lecturas, e un lema. A continuación faredes o programa partindo da seguinte escaleta:

 Sintonía da radio ou do programa
Presentación do programa e o conto que se vai ler: un presentador/a danos a benvida e introduce aos participantes do programa e o conto (título, autor/a, ilustrador/a)
Lectura do conto: comeza a lectura do conto sen música de fondo nin efectos
Despedida: o mesmo presentador/a despide o programa lembrando en que lugar de Internet pode ser escoitado
Sintonía da radio ou do programa 

Unha vez gravado o conto pasaremos a introducirle a música e os efectos sonoros.

